

MEMORIA

ANUAL 20...20



Memoria Anual 2020
© Asociación Galega de Áridos

Edita
Asociación Galega de Áridos

Fotografía
Arigal e empresas asociadas

Deseño e coordinación
Bannister Global

Imprime
Gráficas Garabal, S.L.

Depósito Legal

Membro de:



Cámara Oficial
Mineira de Galicia



ME MO RIA

ANUAL 20
... 20

ÍNDICE



1. QUEN SOMOS?	6
CARTA DO PRESIDENTE	8
PRESENTACIÓN	10
Órganos de goberno	12
FUNCÍONS	14
Representación en órganos colexiados	15
DIRECTORIO DE EMPRESAS	16
DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DAS EXPLOTACIÓNS EN GALICIA	22
O ANO DA PANDEMIA DA COVID-19	24
O SECTOR EN CIFRAS	26
Consumo de áridos	28
Os áridos de Galicia	29

2. QUE FACEMOS? 30

1. A RESPOSTA DE ARIGAL Á CRISE 32

Asesoría sobre actividades durante o período de alarma 33

Relacións institucionais 33

Compra conxunta de EPIs 34

Participación no Protocolo de Cominroc e os Colexios Profesionais 35

Proxección institucional do sector ante a administración autonómica 36

Propostas do sector dos áridos para saír da crise 38

2. COMPETITIVIDADE 40

Formación 40

Defensa do sector fronte aos cambios no Catastro 42

Xornada de Responsabilidade Empresarial 42

Prevención da silicose 43

Manual de áridos para o século XXI 44

Achegas á Guía de Boas Prácticas da Paisaxe 45

3. CRECEMENTO 46

Impulso ao Proxecto DAP Áridos 47

4. INNOVACIÓN 48

Atrazex, software específico de xestión de explosivos 48

5. DIVULGACIÓN E MEDIO AMBIENTE 52

Actividades suspendidas pola Covid-19 52

Desenvolvemento do medio rural 53

6. ASESORAMENTO 54

3. INFORMACIÓN ECONÓMICA 56

ORZAMENTO 2021 59

ORZAMENTO 2020 60

QUEN

SOMOS?

...





CARTA do **PRESI DENTE**

A RAZÓN
DE SER
DE ARIGAL

...



ALBERTO NOVOA RODRÍGUEZ
PRESIDENTE DE ARIGAL

Non foi un ano sinxelo. A sociedade galega, ao igual ca do resto do mundo, sufriu un enorme impacto nos últimos meses. A traxedia da perda de vidas golpeou de maneira contundente, pero tamén se resenti a actividade social e económica de maneira grave.

O ano 2020 supuxo un reto tremendo para os asociados de Arigal. Todos os empresarios puxemos en marcha os nosos particulares plans de continuidade de negocio, tratando aos tombos de implantar as medidas para aumentar a resiliencia dos nosos negocios, manter o emprego e estabilizar os balances. Todos sobrevivimos ao peche do exercicio, con dificultades, con perda de facturación, volvendo a solicitar créditos e recorrendo aos expedientes de regulación de emprego.

Pero nesta loita pola supervivencia non estivemos sós, librando a pelexa cada un illado na súa canteira ou graveira. Durante 2020, Arigal demostrou a súa razón de ser. A directiva e o equipo técnico entregáronse na defensa

dos intereses do noso colectivo. Buscando EPIs para realizar as compras colectivas, participando nas reunións con outras organizacións empresariais e mineiras a nivel nacional, dando soporte ás necesidades e preguntas de cada un dos 52 asociados, mantendo a actividade de relación coa administración mineira...

Non foi un ano doado. Os datos de consumo dos áridos, da facturación das empresas produtoras, o impacto nos postos de traballo, a caída do nivel de petición de ofertas... Todos os valores son negativos ou moi negativos. E o que nos queda por diante non é moito menos ameazante. Se 2020 non resultou tranquilo, o que vén será un reto.

En decembro tiveron o privilexio de ser elixido presidente pola Xunta Directiva de Arigal, unha organización da que me sinto orgulloso de ter participado na súa fundación en 1999. Substituíu a José Lista, que finalizou o

seu segundo mandato de catro anos como presidente de Arigal. Só podo ter palabras de agradecemento polo seu desempeño á fronte da nosa asociación, polo seu tesón para defender os nosos intereses non só en Galicia, senón tamén a nivel nacional e nos distintos foros europeos.

Recollo a súa testemuña con valentía e coas ganas de seguir adiante como asociación, de que os 52 asociados sigan adiante da mellor maneira, creando emprego no rural galego, achegando materias primas para o desenvolvemento social e de que os seus traballadores sigan a salvo.

Para iso manteremos as nosas iniciativas da época da pandemia e trataremos de recuperar aquelas que foron suspendidas, enfocados de novo nas nosas liñas estratéxicas: mellorar a interlocución coas administracións públicas; liderar accións comerciais sectoriais; promover a modernización tecnolóxica e a entrada no modelo da eco-

nomía circular; favorecer a comunicación das actividades mineiras a través da Mina-ría Sostible de Galicia e aumentar o nivel de colaboración con outras organizacións a nivel galego, nacional e internacional.

Nos difíciles momentos que nos quedan por diante, Arigal volverá, non me cabe dúbida, a demostrar cal é a súa razón de ser: a defensa dos intereses colectivos das empresas galegas que se dedican á transformación industrial, fabricación e comercialización de áridos.

Ourense, abril de 2021

PRESENTACIÓN

ARIGAL CONTA
ACTUALMENTE
CON 52
EMPRESAS
ASOCIADAS,
REPRESENTANDO
MÁIS DO 94% DO
SECTOR, E 24
ADHERIDAS.



A Asociación Galega de Áridos (Arigal) é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en 1999 que agrupa a aquelas empresas que desempeñan a súa actividade dentro do sector dos áridos, e que se dedican á transformación industrial, fabricación e comercialización de áridos.

Os áridos son materiais granulares inertes formados por fragmentos de rochas cunha granulometría (tamaño) determinada. Son coñecidos coloquialmente con ese nome de gravas e areas. Son a base de toda a construción, tanto de infraestruturas (estradas, aeroportos, pontes, portos, ferrocarrís...), como de edificacións (vivendas, escolas, hospitais, industrias...).

ENTRE TODAS TEÑEN
EN FUNCIONAMENTO
72 CANTEIRAS
DISTRIBUÍDAS DE
FORMA UNIFORME NAS
CATRO PROVINCIAS,
XA QUE ESTÁN
PRESENTES EN MÁIS
DE 90 CONCELLOS
DE GALICIA.



Os áridos son un material insubstituíble, vital para o desenvolvemento da economía. Trátase da segunda materia máis consumida despois da auga e representa máis do 50% de todos os recursos minerais empregados. En consecuencia, as instalacións de extracción e produción de áridos son un elemento esencial e estratéxico para o progreso. A industria da extracción de áridos xoga un

papel estratéxico en Galicia, presentando un gran potencial para contribuír positivamente a unha economía circular e á conservación da natureza, a través da execución de proxectos adecuados. Ademais de estar na orixe da economía, a industria extractiva fomenta o desenvolvemento social e económico das rexións onde opera.


Desde Arigal foméntase a colaboración entre os seus membros e lévase a cabo unha política activa de promoción do sector e da defensa dos intereses dos asociados.

ÓRGANOS

de GOBERNO

...

CAMBIO NA PRESIDENCIA DE ARIGAL.



A Asemblea Xeral extraordinaria reuniuse virtualmente o 1 de decembro de 2020.

A Asociación Galega de Áridos (Arigal), reunida de maneira virtual na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 1 de decembro, decidiu unha renovación da directiva que, reunida posteriormente en Xunta Directiva Extraordinaria, nomeou a Alberto Novoa como novo presidente.

Alberto Novoa Rodríguez, que representa a Graveras Castro, conta cunha ampla experiencia no exercicio da avogacía durante máis de 20 anos, e no asesoramento e xestión de sociedades mi-

neiras de áridos na provincia de Ourense, sendo membro fundador de Arigal.

José Lista, que foi presidente de Arigal entre 2011 e 2014, e entre 2017 e 2020, pasa a ser vicepresidente segundo. O novo presidente ten na súa directiva a Andrés Lago Herrero como vicepresidente primeiro. A renovación da Xunta Directiva completouse coa entrada de Alberto Martín Calvarro, César Lorente Fuentes e Fernando Mallo Fernández, como novos vogais.

ASEMBLEA XERAL

• • •

EMPRESAS ASOCIADAS
GALEGAS DEDICADAS
Á INDUSTRIA, FABRICACIÓN
E COMERCIALIZACIÓN
DE ÁRIDOS



A Asemblea Xeral ordinaria celebrouse o 25 de xuño de 2020.

XUNTA DIRECTIVA

11 VOGAIS, ESCOLLIDOS POLA
ASEMBLEA XERAL

Presidente

Alberto Novoa Rodríguez [Graveras Castro, SL](#)

Secretario

Roberto Almuiña Díaz [Cuarzos Industriales, SA](#)

Tesoureiro

José Antonio Valencia González [Erimsa](#)

Vicepresidente 1º

Andrés Lago Herrero [Prebetong Áridos, SLU](#).
[Grupo Votorantim](#)

Vicepresidente 2º

Manuel Cortés López [Canteras El Pozo, SL](#)

Vogais

Alberto Martín Calvarro [General de Hormigones, SA](#)

César Lorente Fuentes [Francisco Gómez y Cía, SL](#)

Fernando Mallo Fernández [Actividades Mineras La Xinde, SL](#)

Marcos A. Vázquez Zas [Canarga, SL](#)

Uxío Batán Amorín [Canteras del Arenal, SL](#)

Juan Luis Cano Dequit [Excansa](#)



A Xunta Directiva extraordinaria reuniuse virtualmente o 1 de decembro de 2020.



FUN CIÓN

...

DE ACORDO AOS
ESTATUTOS VIXENTES
(REXISTRADOS O
31-5-2017, PARA
ADECUALOS ÁS
MODIFICACIÓNS
LEXISLATIVAS E
NECESIDADES DO
SECTOR), OS FINS DA
ASOCIACIÓN GALEGA
DE ÁRIDOS PÓDENSE
AGRUPAR EN CINCO
EIXES ESTRATÉXICOS:

... **CRECEMENTO E FORTALECEMENTO DO SECTOR**, apoiando aos seus asociados en todo o relativo á mellora das explotacións desde todos os puntos de vista:

- Relacións comerciais e exportación.
- Defensa fronte aos áridos ilegais.
- Investigación de novas aplicacións, servizos e recursos.

... **DIVULGACIÓN**, para conseguir unha mellor imaxe e reputación, mediante actuacións a varios niveis, tales como:

- Día das Árbores, os Áridos e a Biodiversidade.
- Firma de convenios de colaboración con diferentes universidades.
- Realización de charlas en centros educativos, coa entrega de material divulgativo e didáctico.
- Visitas guiadas a explotacións.
- Innovación.
- Desenvolvemento de iniciativas e programas de desenvolvemento de produtos e servizos específicos.

... **COMPETITIVIDADE**, apoiando aos asociados de maneira colectiva, fomentando a cooperación e a diversificación.

- Formación para a mellora da capacitación técnica dos traballadores dos nosos asociados.
- Estudos sectoriais sobre calidade, seguridade e competitividade.
- Prevención de Riscos Laborais: incluíndo información, formación e participación na plataforma NEP-SI para o control da sílice cristalina respirable.
- Defensa dos intereses sectoriais ante a administración autonómica e organismos reguladores nacionais e comunitarios.

... **ASESORAMENTO TÉCNICO** aos equipos de xestión dos asociados en materias de interese común como:

- Subvencións e axudas públicas.
- Fiscalidade e enerxía.
- Asesoría xurídica laboral, administrativa e mercantil.

REPRESENTACIÓN

en Órganos COLEXIADOS

...

CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA

Está formada por todas as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades destinadas á investigación e ao aproveitamento dos recursos xeolóxicos, calquera que sexa a súa orixe ou estado físico, desde o coñecemento destes recursos naturais ata a súa posta en valor. Arigal como asociación, forma parte da Xunta Xeral e da Xunta Directiva. Así mesmo, participa no seu Comité de Normativas e no seu Comité de Información.

A FEDERACIÓN DE DE ÁRIDOS (FDA)

Representa os intereses das empresas produtoras de áridos de España, tanto no ámbito nacional como no internacional. Actualmente a FdA está integrada tamén polo Gremi d'Àrids de Catalunya, a Asociación de Empresas de Áridos da Comunidade Valenciana (ARIVAL) e a Asociación Nacional de Empresarios Fabricantes de Áridos (ANEFA).

UNIÓN EUROPEA DE PRODUTORES DE ÁRIDOS

A Unión Europea de Produtores de Áridos (UEPG) promove os intereses do sector europeo dos áridos representando as súas asociacións membros nas políticas económicas, técnicas, medioambientais e sobre seguridade e saúde laboral. UEPG identifica, de forma proactiva, as iniciativas e políticas que probablemente deban impactar sobre os produtores de áridos e asegúrase de que a posición de UEPG sexa considerada polos responsables nas tomas de decisións da UE.



A ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS (ARIGAL) PARTICIPA DE FORMA ACTIVA NOUTROS ÓRGANOS COLEXIADOS PARA A DEFENSA E RECOÑECIMENTO DO SEU SECTOR.

A Asemblea Xeral da COMG reuniuse virtualmente o 23 de abril de 2020.

EMPRESAS ASOCIADAS



ACTIVIDADES MINERAS LA XINDE, S.L.

A Ermida, s/n. 36158 Marcón. Pontevedra
Tel. 986 85 05 00
administracion@laxinde.es
www.laxinde.es



ARARE INVERSIONES, S.L.

Calle Parque de San Lázaro, 8 -1ºD. 32003. Ourense
Tel. 981 65 70 21
administracion@araresl.es



ARENAS NATURALES DA LIMIA, S.L.

Lg. Vilariño das Poldras, 24. 32692 Sandiás. Ourense
Tel. 637 72 45 32
arenasantelanas@hotmail.com



ARENERA NORTEÑA, S.L.

Lg. Mesón de Erosa, S/N. 32540 Agudíña. Ourense
Tel. 988 40 84 45
arenieranortena@gmail.com



ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.

Lugar Freón. Monteagudo. 15142 Arteixo. A Coruña
Tel. 981 17 36 08
cantera@ariasinfraestructuras.com
www.ariasinfraestructuras.com



ARIBES, S.L.

C/Plácido Peña, 2-4. Entrlo. Dcha. 27800 Vilalba. Lugo
Tel. 982 51 10 43
aribes@aribessl.com



ÁRIDOS CHAN DE SALGOSA, S.L.

Liñares. As Neves. 36449 Pontevedra
Tel. 986 64 83 81
chandessalgosa@hotmail.com
www.aridoschandessalgosa.es



ÁRIDOS DE REBOIRA, S.A.

Lugar Reboira. Ardemi. 15689 Ordes. A Coruña
Tel. 981 69 28 77
aridosdereboira@gmail.com
www.aridosdereboira.com



ÁRIDOS DEL UMIA, S.A.

Herminia Fariña Cobián, s/n. 36003 Pontevedra
Tel. 986 85 18 36 / 986 85 22 40
aridosdelumia@aridosdelumia.com
www.aridosdelumia.com



ÁRIDOS MIRAMONTES, S.A.

Canteiras Miramontes, Grixoa.
15898 Santiago de Compostela. A Coruña
Tel. 981 89 87 18
arimisa@telefonica.net / www.canteirasmiramontes.com



ARQUITECTURA, MATERIALES Y CONSTRUCCIÓN, S.L. - ARMACON

C/ Cruz de As Airas, 34. 15320 As Pontes. A Coruña
Tel. 981 45 19 57 admon.armacon@gmail.com
www.armacon.es



CANARGA, S.L.

Gambrinus, 99 15008 A Coruña
Tel. 981 25 62 42
canarga@canarga.com
www.canarga.com



CANTEIRA DA MIÑA, S.L.

Varilongo, s/n. 15840 Santa Comba. A Coruña
Tel. 981 19 14 25
canteiradamina@yahoo.es / info@canteiradamina.es
www.canteiradamina.es



CANTEIRA DO PENEDO, S.A. (CANPESA)

San Esteban, s/n. 27680 Baralla. Lugo
Tel. 982 36 32 69
hector@canpesa.com
www.canpesa.com



CANTERAS DE MURO, S.L.

Lg. Castal Vello - San Juan de Muro. 27367 Láncara. Lugo
Tel. 982 54 33 40
administracion@canterasdemuro.es



CANTERAS DE RICHINOL, S.L.

Arenal, 64 Entresuelo - Izqda. 36500 Lalín. Pontevedra
Tel. 986 78 71 02
richinol@canterasare.com / www.canterasare.com



CANTERAS DEL ARENAL, S.L.

Arenal, 64 Entresuelo. Izda. 36500 Lalín. Pontevedra
Tel. 986 78 71 02
arenal@canterasare.com
www.canterasare.com



CANTERAS EL POZO, S.L.

Esperon, 26. Tabeayo. 15182 Carral. A Coruña
Tel. 981 67 03 56
canteraselpozo79@gmail.com
www.geoscopio.net/empresas/elpozo



CANTERAS FERROLANAS, S.A.

Estrada Cobas, Km. 4.15595 Ferrol. A Coruña
Tel. 981 32 76 00
ferrolanas@canterasferrolanas.com



CANTERAS ISIDRO OTERO, S.L.

Valiñadares, 8. 27748 Mondoñedo. Lugo
Tel. 982 52 10 03
isidrootero@terra.es
www.isidrootero.es



CEMENTOS SECIL, S.L.U.

Lugar Sequeiros, 73-C - Portela. 36692 Barro. Pontevedra
Tel. 986 71 32 84
secil@secil.es
www.secil.es



CONSTRUCCIONES CRESPO BARROS, S.L.

Avda. Bergantiños, 10 . Paiosaco. 15145 A Laracha. A Coruña
Tel. 981 60 53 16
davidcb@congresba.com



CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.

Avda. Finisterre, 267. 15008 A Coruña
Tel. 981 27 56 15
construcciones@lopezcao.com
www.lopezcao.com



CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.

C/Agra dos Cregos, 28 Bajo. 15850 Zas. A Coruña
Tel. 981 75 10 34
info@poncianonieto.es
www.poncianonieto.es



CORPORACIÓN ARENERA DA LIMIA, S.L.

Lugar Vilaríño das Poldras, s/n. 32692 Sandiás. Ourense
Tel. 988 46 59 79
pilar@corporacionarenera.com



CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

Parque Empresarial de Ordes. Parcela 70. 15680 Ordes. A Coruña
Tel. 981 90 01 70
galicia@crcos.com
www.crcos.com



CUARCOS INDUSTRIALES, S.A.

Mina Serrabal. San Pedro de Vilanova, s/n.
15886. Vedra. A Coruña
Tel. 981 51 22 02
cuarcosindustriales@ferroatlantica.es
www.ferroatlantica.es



EXPLOTACIÓN DE ROCAS INDUSTRIALES Y MINERALES, S.A. - ERIMSA

Pol. La Grela. C/Copérnico, 7 -2º A1. 15008 A Coruña
Tel. 981 22 89 88
erimsa@erimsa.com
www.erimsa.com



EXPLOTACIONES Y CANTERAS DE MOUCHO, S.A.U.

Ctra. A Coruña-Carballo, Km. 4,5
15140 Pastoriza- Arteixo. A Coruña
Tel. 981 60 70 00
info@explotacionesycanterasdemoucho.com
www.explotacionesycanterasdemoucho.com



EXPLOTACIÓN DE CANTERAS DEL NOROESTE, S.A. - EXCANSÁ

R/Reina, 14 - 2º B. 27001 Lugo
Tel. 982 28 42 91
oficina@excansa.com



FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.

Lugar La Mina, s/n - 15822 Touro. A Coruña
Tel. 981 51 73 17
admon@fgomez.es / www.fgomez.es



GENERAL DE HORMIGONES, S.A.

Vilar, s/n. 36540 Silleda. Pontevedra
Tel. 986 68 86 98
silleda@gedhosa.es / www.gedhosa.es



GRANITOS DE XALLAS, S.L.

Canteira Pedreiras. Paraxe de Friero, s/n.
15848 Santa Comba. A Coruña
Tel. 981 88 09 30 - 981 88 11 55
admin@granitosdexallas.com



GRANITOS Y ÁRIDOS DE ATIÓS, S.L.

Vilafria - Atios. 36400 Porriño. Pontevedra
Tel. 986 33 42 95
aridosatios@gmail.com
www.aridosatios.com



GRAVERAS CASTRO, S.L.

Estrada Celanova, 49.
32630 Xinzo de Limia. Ourense
Tel. 988 40 84 45
graverascastro@yahoo.es
www.graverascastro.es



GRUPO BASCUAS 2008, S.L.

Ronda das Mercedes, 37 Entrechan. 27002 Lugo
Tel. 982 28 43 28
administracion@grupobascuas.com
www.grupobascuas.com



HORMIGONES VALLE MIÑOR, S.A.

Avda. de Portugal, 108. Ramallosa.
36379 Nigrán. Pontevedra
Tel. 986 34 34 34
hvm@grupominor.com
www.grupominor.com



HORMIGONES Y ÁRIDOS LA BARCA, S.A.

Lg. Lantañón. Vilanoviña. 36616 Meis. Pontevedra
Tel. 986 26 90 00
pa.labarca@vcimentos.com



HNOS. MIGUÉNS RIAL, S.L.

Casalnovio, 4. 15960 Riveira. A Coruña
Tel. 609 87 53 60 / 609 87 53 76
miguenseares@yahoo.es



JOSÉ MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.

Puente de Mera, s/n. 15349 Ortigueira. A Coruña.
Tel. 981 41 33 60
jpl@jpl.gal



LISTA GRANIT, S.A.

R/ Agoeiros, 150. Villarodis.
15141 Arteixo. A Coruña
Tel. 981 60 10 02
lista@listagranit.com
www.listagranit.com



MARÍN PETRÓLEOS, S.A.

Plaza de España, 12 Entrlo.
36600 Vilagarcía de Arousa. Pontevedra
Tel. 988 26 28 00
marinpetroleos@marinpetroleos.es



MILLARAS, S.L.

C/ Extremadoiro, 9. A Forxa.
32643 Porqueira. Ourense
Tel. 679 45 32 46
asmillaras@gmail.com



MINAS DE BANDEIRA, S.A. - MIBASA

Monte Carreira, Km. 5. Ctra. Bandeira-Cruces.
36570 Silleda. Pontevedra
Tel. 986 58 53 25
mibasa@mibasa.es
www.mibasa.es



MYHNOR, MORTEROS Y HORMIGONES DEL NOROESTE, S.L.

C/ Ferrol, 14 1º. 15004 A Coruña
Tel. 981 17 36 16
ana@myhnor.com
www.myhnorgrupo.com



NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

Lugar Runs, 49. 15930 Boiro. A Coruña
Tel. 981 84 53 85
correo@nosa.es
www.gruponosa.com



PASEK MINERALES, S.A.U.

Mina David, Landoy s/n 15360 Cariño. A Coruña
Tel. 981 42 81 81
pm@pasek.es
www.pasek.es



PREBETONG ÁRIDOS, S.L.U.

Rúa Brasil, 56. 36204 Vigo. Pontevedra
Tel. 986 26 90 00
prebetong.aridos@vcimentos.com
www.prebetong-aridos.es



PREBETONG LUGO, S.A.

Rúa Brasil, 56. 36204 Vigo. Pontevedra
Tel. 986 26 90 00
prebetong.aridos@vcimentos.com
www.prebetong-aridos.es



RECURSOS MINERALES DE GALICIA, S.A.

Polígono Cachafeiro, s/n. Nave Morpel. 3
6556 Forcarei. Pontevedra
Tel. 681 31 43 01
samca@samca.com



ROCAS, ARCILLAS Y MINERALES, S.A. - RAMSA

Mina Serrabal. San Pedro de Vilanova, s/n.
15886 Vedra. A Coruña
Tel. 981 51 22 02
info@ferroatlantica.es
www.ferroatlantica.es



SÍLICES DE FUENTES, S.L.

Canteras Candamil. 27832 Xermade. Lugo
Tel. 982 17 77 51 / 957 44 07 16
sifusa@gruposifusa.com
www.gruposifusa.com

EMPRESAS ADHE RIDAS



BATAN ÁRENAL, S.L.

C/ F, 2. Entrepranta C. 36500 Lalín.
Pontevedra
Tel. 986 78 34 66
batan@batanarenal.com



CEMENTOS COSMOS, S.A.

C/ Brasil, 56. 36204 Vigo, Pontevedra
Tel. 982 46 66 54
www.cementoscsmos.es



DIR INTERNATIONAL TRADING, S.L.

Ctra. Madrid, Km. 309,6 50012 Zaragoza
Tel. 675 43 95 38 / 984 01 64 75

Base Noroeste

C/ A - Parcela 11 B Polígono de Asipo
32428 Llanera (Asturias)
jorge@dirinttra.com
www.liugong-spain.com



EPC ESPAÑA SILEX, S.L.

Avda. Constitución, 40. 45310
Villalobas, Toledo
Tel 925 15 20 80
epcespana@epc-groupe.es
www.epc-groupe.com



ESMIN INGENIERÍA, S.L.

C/ Michelena, 40 1º 36002 Pontevedra
Tel. 686 68 73 67 / 986 83 03 30
info@esminingenieria.com
www.esminingenieria.com



EXCAVACIONES Y VOLADURAS FUNCSTA Y MARTÍNEZ, S.L.

Avda. Loureiro, Edif. Loureiro Mar, 2 - AP. A.
36930 Bueu. Pontevedra
Tel. 619 20 96 99
voladurasfuncsta@gmail.com



FORXARTE. CENTRO DE FORMACIÓN

Rúa do Miño, 15 A - 3º F. 36450
Salvaterra do Miño. Pontevedra
Tel. 605 90 15 25
foxarte@gmail.com



GANOMAGOGA, S.L.

Gándara, 12. 36861 Pontearreas.
Pontevedra
Tel. 986 66 06 00
tg@ganomagoga.es
www.ganomagoga.es



GRANITOS MONTEPEDROSO, S.L.

Avda. Coruña, 38. 27560
Monterroso. Lugo
Tel. 982 37 72 11
granitosmontepedroso@gmail.com



MARCOR XOVE, S.L.

Xuances, Camba - Bedrido, s/n. 27877
Xove. Lugo
Tel. 982 56 30 76 / 609 35 76 07
marcorxove@marcorxove.com
www.marcorxove.com



MAXAM EUROPE, S.A.

Av. del Partenon, 16. Campo de las
Naciones. 28042 Madrid
Tel. 91 722 01 00 / 619 74 07 27
vmenendez@maxam.net
www.maxam.net



M. POUSO EXPLOSIVOS, S.L.

C/ Enrique Dequidt Hevia, 15 Local 28.
15005 A Coruña
Tel. 981 25 61 29
pouso@pouso.es



ORICA EXPLOSIVOS INDUSTRIALES, S.A.

Estrada Villafer, Km 7 - 24220 Valderas - León
Tel. 987 76 32 06
fernando.negreira@orica.com - www.oricaminingsservices.com



PEDRA INGENIERÍA, S.L.

C/ La Paz, 1 Bajo. 36202 Vigo. Pontevedra
Tel. 655 01 09 91 / 986 21 34 90
laz@pedraingenieria.es - www.pedraingenieria.es



PERIS CORREDURÍA DE SEGUROS

Andrés Mellado, 112. 28003 Madrid
Tel. 91 206 20 50
javier.garcia@peris.es - www.peris.es



PERNAS TÉCNICAS IND, S.L.

Polígono A Granxa, S/N. 36400 O Porriño. Pontevedra
Tel. 986 34 40 80
info@pernastecnicas.es - www.pernastecnicas.es



PERVOCAN, S.L.

La Teja, 199 D, 2º B. 39530 Puente San Miguel. Cantabria
Tel. 600 43 74 75
pervocan@ono.com



PERVOLAN, S.L.

Gándara (Sobrada) Nº 20 A. 36790 Tomiño. Pontevedra
Tel. 650 24 10 46
info@pervolan.com - www.pervolan.com



PRODUCTIVA, FÁBRICA DE REDES, SA

Av. Vasco da Gama, 8057. 4430-755 Avintes. V.N. de Gaia. Portugal
Tel. +351 22377 1770
produtiva@produtiva.net - www.produtiva.net



SONENSE DE GRANITOS, S.L. - SOGRANI

Lugar de Baroña, s/n.15979 Porto do Son. A Coruña
Tel. 981 76 72 92
granitos@sograni.com - www.sograni.com



PEAL HISPANIA, S.A.U.

C/ Salinas, s/n. 24650 Santa Lucía de Gordón. León
Tel. 987 27 85 38
administrador@peal.es - www.peal.es



VOLADURAS CARMONA, S.A.

Pol. Pocomaco, I-1 Modulo 7. 15190 A Coruña
Tel. 981 13 30 51
voladuras@vcarmona.net



VOLADURAS MÍGUEZ, S.L.

A Seara, 27. Tarrío. Culleredo. 15189 A Coruña
Tel. 981 67 77 39 - 639 75 65 42
voladurasmiguel@gmail.com



VOLADURAS Y TRANSPORTES BLANCO, S.L.U.

Polígono Industrial de Bertoa, Parcela H7.
15100 Carballo. A Coruña
Tel. 981 70 06 51
gestion@voladurasblanco.com
www.voladurasblanco.com

EMPRESAS COLABO RADORAS



ACORE, APLICACIONES INFORMÁTICAS CORPORATIVAS Y EMPRESARIALES, S.L.

C/ Falperra, 36, Bajo. 15005 A Coruña.
Tel. 881 92 71 89
info@acore.es - www.acore.es



IBERSYS, S.L.

C/Catasol, 11-13 27002 Lugo
Tel. 982 28 41 62
info@ibersys.es - www.ibersys.es





OFIREYCO

Vía Pasteur, 10. 15890 Polígono del Tambre.
Santiago de Compostela
Tel. 981 93 79 20
ofireyco@ofireyco.com - www.ofireyco.com

DISTRIBUCIÓN

XEOGRÁFICA

das
explotacións
en Galicia



1. CUARZOS INDUSTRIALES - Mina Conchitina
2. CUARZOS INDUSTRIALES - Sonia
3. PASEK MINERALES - Mina David
4. JOSÉ MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ - San Pablo
5. FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA - Espiñaredo
6. ARARE INVERSIONES - Lamas de Rapadoiro
7. CANTERAS FERROLANAS - Pico do Ouro
8. ARMACON - Forgoselo
9. MYHNOR, MORTEROS Y HORMIGONES DEL NOROESTE - Montesalgueiro
10. PREBETONG ÁRIDOS - As Portelas
11. MYHNOR, MORTEROS y HORMIGONES DEL NOROESTE - Pescas
12. CNES CRESPO BARROS - Cal de Xandia
13. LISTA GRANIT - Monte da Costa
14. ARIAS INFRAESTRUCTURAS - Trambasaguas
15. CANTERAS EL POZO - El Pozo 24
16. CANARGA - O Castelo
17. ÁRIDOS DE REBOIRA (ARESA) - Reboira
18. EXPLOTACIONES Y CANTERAS DE MOUCHO - Granitos del Noroeste Nº 6
19. ERIMSA - Cruceiro
20. CNES LÓPEZ CAO - Olveiro
21. CANTEIRA DA MINA - Costa de Cuzo
22. GRANITOS DE XALLAS - Pedreiras
23. CUARZOS INDUSTRIALES - Esmeralda
24. FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA - Brañas de Brins

25. ÁRIDOS MIRAMONTES - Miramontes
26. FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA - San Rafael
27. CRC OBRAS Y SERVICIOS - Portodemouros
28. FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA - Arribelz
29. CANTERAS RICHINOL - Richinol
30. CNES PONCIANO NIETO - Pico de Cuña Pedra Furada
31. PREBETONG ÁRIDOS - Monte Agrino II
32. NEMESIO ORDÓÑEZ - Lola
33. HNOS MIGUENS RIAL - Monte Ciudad
34. RAMSA - Serrabal
35. ERIMSA - El Castillo
36. MIBASA - Monte Fabeira
37. GENERAL DE HORMIGONES - Vilar
38. CANTERAS DEL ARENAL - Carrio
39. ÁRIDOS DEL UMIA - Umia
40. HORMIGONES Y ÁRIDOS LA BARCA - Lantañón
41. CEMENTOS SECIL - Berducido
42. ACT. MIN. LA XINDE - Faro 2875
43. RECURSOS MINERALES DE GALICIA
44. PREBETONG ÁRIDOS - Couso
45. HNES VALLE MIÑOR - Mimosa I
46. GRANITOS Y ÁRIDOS DE ATIOS - Vilafria
47. ÁRIDOS DE CHAN DE SALGOSA - Chan de Salgosa

48. PREBETONG ÁRIDOS - Martín
49. MARIN PETRÓLEOS - Dorna
50. MYHNOR MORTEROS Y HORMIGONES DEL NOROESTE - Castroverde
51. MILLARAS - As Millaras
52. ARENAS NATURALES DA LIMIA - Arian
53. CORP. ARENERA DA LIMIA - Acibeiro
54. GRAVERAS CASTRO - Castro
55. ARENERA NORTEÑA - Arenera Norteña
56. EXCANSÁ - Monte Penedo
57. EXCANSÁ - Estefanía
58. CANPESA - Canteira do Penedo
59. GRUPO BASCUAS 2008 - Furco
60. CANTERAS DE MURO - Costal Vello
61. PREBETONG LUGO - Bertita
62. GRUPO BASCUAS - Santa María de Bascuas
63. EXCANSÁ - Arcos
64. ARIBES - Bestar
65. ERIMSA - Os Boedos
66. ERIMSA - Mina Ladra
67. SÍLICES DE FUENTES - Candamil
68. GRUPO BASCUAS 2008 - Cruz de Cancela
69. CNES ISIDRO OTERO - Lavapiés
70. CNES ISIDRO OTERO - Grande Mesada
71. CNES ISIDRO OTERO - Valiño
72. PREBETONG ÁRIDOS - Abilleira

O ANO da **PAN DE MIA** da COVID-19



• • •

Non se pode comprender o exercicio 2020 na actividade social, humana e económica deixando de lado a Covid-19 e o seu enorme impacto nas persoas. Ademais dos sufrimentos persoais dos profesionais das minas e canteiras e das súas familias, o sector sufriu un impacto difícil de cuantificar. A pandemia aínda non está controlada en 2021.

Para tratar de analizar de maneira fiable as consecuencias da pandemia, Arigal impulsou de maneira activa a 'Enquisa de diagnose do sector dos

áridos', promovida pola Federación de Áridos Española (FdA).

A FdA ostenta, desde a súa creación en 2007, a máxima representatividade do sector dos áridos en España, xa que está integrada polo colectivo nacional Anefa, o Gremi d'Àrids de Catalunya, a Asociación de Empresas de Áridos da Comunidade Valenciana (Arival), a Federación Vasca de Áridos (Euskal Árido) e a propia Arigal.

Representa os intereses dos produtores de áridos nos ámbitos nacional e internacional e é o principal interlocutor ante a administración xeral do Estado e integra preto de 700 empresas que xestionan 1.100 canteiras en toda España.

A enquisa realizouse en oito quendas desde abril de 2020 ata o peche do ano e permitiu coñecer a actividade do sector de maneira fiable a nivel nacional.

Arigal animou aos seus asociados a participar das mesmas e trasladou os resultados e desagregados para Galicia en diversas iniciativas de comunicación para os seus asociados, a opinión pública e as administracións.

Ao peche de 2020, as empresas de áridos de Galicia tiveron un descenso de vendas (en toneladas) dun 12,9%, en liña coa media nacional, que sufriu un descenso do 12,1%. Aínda que o descenso medio anual foi notable, durante períodos de marzo e abril chegou a ser dun dramático 83% interanual.

Con respecto á facturación (en euros), as empresas de áridos españolas declaran

un descenso dun 15%, mentres que as de Arigal reflectían un 17,2% de promedio de baixada.

Porén, as perspectivas de peche do exercicio eran especialmente malas, xa que as empresas de Arigal percibiron un descenso de petición de ofertas dun 54% por debaixo do habitual en 2019 por parte de compradores (construtoras, UTEs...). A falta de dinamización do sector da construción e a obra pública compromete a viabilidade do sector dos áridos a causa dunha parada diferida da actividade.

Con respecto ao emprego, o 15,8% das empresas declarou ter diminuído o seu cadro de persoal e outro 15,8% dixo telo aumentado, fronte a un 19,3% de descenso e dun 18% de ascenso a nivel nacional. Durante 2020 un 10,5% das empresas galegas de áridos solicitaron un ERTE (21,6% a nivel nacional).

CIFRAS 2020

-12,9 % NA PRODUCCIÓN

-17,2 % NA FACTURACIÓN

10,5 % DAS EMPRESAS EN ERTE


-54 % NA PETICIÓN DE OFERTAS




0 SECTOR en CIFRAS ...



NÚMERO DE EXPLOTACIONES ...



PRODUCCIÓN (millóns de euros) ...




PRODUCCIÓN (millóns de toneladas)

• • •



EMPREGO (traballadores)

• • •



CONSUMO de ÁRIDOS

...

O CONSUMO DE ÁRIDOS CAEU EN 2020

Os áridos pódense empregar para fabricar cemento, formigón, morteiro, prefabricados ou asfalto, é dicir, son materiais básicos e imprescindibles tanto na construción de obras civís como de edificacións. Por iso, son un indicador moi preciso da actividade económica. Analizar a serie histórica de produción e consumo de áridos por habitante permite medir o nivel de execución de obras públicas e de construción de edificios.

A falta de que a Asociación Europea de Áridos (UEPG) facilite os datos do continente en 2020, que adoitan facerse públicos á metade de ano, pódese constatar que o ano pasado supuxo un golpe moi duro para a produción de áridos.

Os datos a nivel galego implican un descenso dun 13,5% na produción e na facturación das empresas asociadas a Arigal. Os datos estimados pola Federación de Áridos a nivel nacional tamén reflicten unha baixada dun 12,9% na produción.

Como saída para a crise, o sector dos áridos reclama de maneira insistente que se reactive a obra pública, na que o nivel de execución non segue o ritmo do orzado, ao que se suma o escaso investimento para o mantemento das estradas e a práctica inexistencia da edificación residencial. Entre 2018 e 2021 España mantiuvo unha prórroga orzamentaria, o que afectou aos investimentos en infraestruturas.

CONSUMO EN GALICIA

Año	Millóns de toneladas	T-habitante
2009	15,00	5,36
2010	14,00	5,00
2011	12,00	4,29
2012	8,50	3,00
2013	7,80	2,05
2014	6,80	2,20
2015	9,64	3,52
2016	7,74	2,84
2017	8,50	3,14
2018	9,60	3,55
2019	10,24	3,79
2020	8,86	3,28

CONSUMO EN ESPAÑA

Año	Millóns de toneladas	T-habitante
2009	243,10	5,26
2010	207,60	4,47
2011	172,98	3,71
2012	115,80	2,48
2013	91,70	1,96
2014	90,08	1,94
2015	99,30	2,14
2016	96,60	2,08
2017	103,36	2,23
2018	128,10	2,60
2019	136,50	2,90
2020	118,76*	2,52*

CONSUMO EN EUROPA

Año	Millóns de toneladas	T-habitante
2009	3.260	6,27
2010	2.910	5,60
2011	3.000	5,76
2012	2.700	5,19
2013	2.610	5,02
2014	2.600	5,00
2015	2.650	5,10
2016	2.730	5,20
2017	3.030	5,94
2018	3.100	5,96
2019	3.000	6,00

*Estimado

Os ÁRIDOS de **GALICIA**

...

PARA A EXTRACCIÓN DOS ÁRIDOS EMPRÉGANSE DISTINTOS MÉTODOS DE ARRANQUE DAS ROCHAS, SEGUNDO AS DIVERSAS CLASES DE XACEMENTO. ISTO DÁ LUGAR A DÚAS CLASES DE EXPLOTACIÓNS:


CANTEIRAS

Son explotacións de rochas duras, que precisan do emprego de explosivos para a súa extracción, mediante voaduras. Posteriormente, este material é triturado e clasificado en función das necesidades.

Os **MINERAIS EXPLOTADOS** para a produción de áridos en Galicia poden agruparse da seguinte forma:



GRANITO E
GNEIS



CUARZO E
CUARCITA



ESQUISTOS



CALCARIA



DUNITA,
SERPENTINA
E GABRO



AREAS
SILÍCEAS

GRAVEIRAS

Son as explotacións de depósitos de sedimentos, areas e gravas procedentes de depósitos aluviais. Como os materiais están soltos e non son compactos, empréganse equipos de arranque mecánico, que extraen a pedra directamente do xacemento para a súa posterior clasificación en varios tamaños e composicións.

Estes minerais comercialízanse coas seguintes calidades de **PRODUTO**:



AREAS



GRAVAS



ZAHORRAS



BALASTRO



ESCOLLERA

QUE

**FACE
MOS?**

...





1. A RES POS TA de ARIGAL á CRISE



Desde o comezo do período de confinamento e de maneira constante, o equipo técnico e a directiva de Arigal redobrarón os seus esforzos para dar o mellor servizo e a mellor atención a todas as empresas asociadas.

Arigal participou en iniciativas nacionais da Federación de Áridos (FdA), coordinando accións con Cominroc, Primigea, CEOE, Cámara Oficial Mineira de Galicia, así como en Europa a través da UEPG.

O equipo técnico achegou na preparación de informes nacionais, documentos de posición

sectorial, alegacións ás disposicións legais aprobadas con motivo dos sucesivos e distintos estados de alarma, resolvendo incidencias, establecendo roldas de contacto coas administracións autonómicas galegas, impulsando a nivel rexional cuestionarios e informes de diagnose da situación sectorial.

E todo iso coas restricións de mobilidade, a adaptación ao teletraballo e a normalización das reunións por videoconferencia cos diferentes interlocutores.

ASESORÍA SOBRE ACTIVIDADES DURANTE O PERÍODO DE ALARMA

Os asociados de Arigal recibiron durante a pandemia unha atención constante por parte do equipo técnico. As decisións do Goberno de España, cos primeiros decretos do estado de alarma, a suspensión de actividades non esenciais, as restricións á mobilidade e o establecemento do permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea, resultaron difíciles de interpretar nos seus primeiros momentos para as empresas.

Para facilitar a toma de decisións, o equipo de Arigal incrementou o seu contacto coas organizacións sectoriais nacionais e galegas para trasladar aos asociados as respostas máis concretas en cada momento. Así emitíronse circulares aos asociados sobre mobilidade, actividades esenciais, documentación sobre seguridade e saúde laboral, tarifas de consumos, permisos e licenzas.

RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

A directiva e o equipo técnico de Arigal mantiveron en 2020 unha intensa axenda para colaborar con organismos e institucións afíns ao sector dos áridos, como a Cámara Oficial Mineira de Galicia, a Federación de Áridos española (FdA) e Cominroc.

Durante 2020, a pesar das restricións á mobilidade, mantívose a relación con todas elas, asistindo ás súas reunións virtuais e participando de distintos comités de traballo.



COMPRA CONXUNTA DE EPIS

Moitos dos postos de traballo en canteiras e graveiras requiren o emprego de máscaras como protección ante a sílice cristalina respirable (SCR). A seguridade e saúde dos profesionais do sector esixeas como equipamento básico.

Durante os primeiros meses da pandemia produciuse unha extraordinaria demanda de máscaras a nivel mundial que provocou carencias en todos os sectores que habitualmente as consumían. Por iso, as empresas de extracción de áridos de Galicia, compradoras habituais destes equipos de protección individual, sufriron un desabastecemento inusual e a rotura da súa cadea de subministración.

Arigal iniciou, aos poucos días do primeiro estado de alarma, as xestións para a compra conxunta e a distribución de máscaras FFP2 para os seus asociados. Posteriormente, adheriuse á iniciativa da Dirección Xeral de Enerxía e Minas para a compra e a subministración conxunta de máscaras cirúrxicas desde a Xunta de Galicia.

O equipo técnico de Arigal xestionou a adquisición de pantallas de protección, xel hidroalcohólico e campañas de tests rápidos Covid-19 para traballadores dos seus asociados.

Así, durante 2020 Arigal xestionou a adquisición de 205.000 unidades de máscaras cirúrxicas e 63.700 unidades de FFP2 a pesar de non contar con capacidades lóxicas propias.



Arigal xestionou a compra de varios lotes de equipos de protección para os seus asociados.

PARTICIPACIÓN NO PROTOCOLO DE COMINROC E OS COLEXIOS PROFESIONAIS

O equipo técnico de Arigal participou activamente durante 2020 na elaboración do 'Protocolo/Instrución de traballo fronte á Covid-19 en explotacións mineiras e en plantas de tratamento'.

Este documento tivo unha versión inicial o 19 de marzo e posteriores revisións ata o 27 de setembro, cando se emitiu a derradeira actualización de 2020.

Nas súas 24 páxinas márcanse indicacións precisas para que os empresarios e os responsables de seguridade e saúde laboral adecuaran a actividade das empresas mineiras. Inclúe, completa e adapta documentos xerais do Ministerio de Sanidade, o Ministerio de Traballo e Economía Social e o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.



O resultado é unha guía de boas prácticas e de directrices nos centros de actividades mineiras para a prevención da Covid-19. Os socios de Arigal recibiron copias do documento (que conta con arquivos imprimibles para informar aos traballadores en taboleiros de anuncios e circulares internas), así como asesoramento para a implantación nos centros de traballo.

O traballo para a edición desta guía requiriu a coordinación dun gran número de profesionais da Confederación Española de Industrias Extractivas de Rochas e Minerais Industriais – Cominroc; do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos de Minas e Graos en Minas e Enerxía; e do Consello Superior de Colexios de Enxeñeiros de Minas.



O Conselleiro de Economía, Emprego e Industria reuniuse coa directiva de Arigal o 20 de abril.

PROXECCIÓN INSTITUCIONAL DO SECTOR ANTE A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

O habitual labor de representación institucional ante as administracións públicas con capacidade de regular o sector dos áridos moveuse en 2020 ao plano virtual. A imposibilidade de manter reunións presenciais con normalidade e a normalización das videoconferencias modificou a forma da súa realización.

Unha representación de Arigal foi atendida o 20 de abril por Francisco Conde, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, e Ángel Bernardo Tahoces, Director Xeral de Enerxía e Minas, co obxectivo de analizar o impacto da pandemia no sector extractivo dos áridos.

Nesa reunión, Arigal xa trasladou os datos das primeiras enquisas sobre a actividade das semanas de confinamento de 2020 con respecto ás mesmas semanas de 2019, nas que houbo completa normalidade social e económica.

Así mesmo, solicitouse para o curto prazo a activación dos traballos de certificación das obras executadas, a adxudicación e execución de obras xa licitadas e a esixencia do cumprimento de pagos pendentes.

Como necesidades a medio prazo pedíronse liñas de crédito específicas para o sector, medidas efectivas para a flexibilización e axilización da tramitación administrativa, así como flexibilización de ERTes e EREs, e acompañalos de medidas de suspensión das obrigas coa Axencia Tributaria e Seguridade Social, así como dos contratos de enerxía eléctrica.

Por outra parte, a Directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría, participou na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 1 de decembro. Trasladou aos asistentes a vontade da Xunta de seguir traballando cóbado con cóbado con Arigal na recuperación do sector galego dos áridos mediante tramitacións máis áxiles e coordinadas en liña cunha minería responsable. Neste sentido, Uría explicou que se traballa nunha futura Lei de reactivación económica que suporá grandes avances en canto á simplificación administrativa.

A pesar das restricións á mobilidade e o teletraballo dos funcionarios públicos das administracións autonómicas, o equipo técnico de Arigal mantivo no 2020 unha comunicación ordinaria coa dirección xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais a través das súas subdireccións e direccións provinciais.



Paula Uría, directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, participou da Asemblea Xeral de Arigal o 1 de decembro de 2020.

PROPOSTAS DO SECTOR DOS ÁRIDOS PARA SAÍR DA CRISE

Arigal participa das iniciativas que reclaman medidas ás administracións para a reactivación económica de España. Entre as propostas de medidas urxentes do sector e que se trasladaron a todos os partidos políticos, ao Goberno, ás Cortes e ao Senado, ás Comunidades Autónomas, a europarlamentarios e que así mesmo se integraron noutras propostas das principais organizacións empresariais do país, destacan:

... REACTIVACIÓN

1. Inmediata reactivación das obras públicas, sen recortes, e aprobación dun Plan Nacional de Construción Verde (Green Construction), para compensar a caída do sector durante 2020-2021.
2. Aprobación dun Pacto Nacional pola Industria Sustentable 2030.
3. Apoio, a través da CEOE, dun Pacto de Estado para a Reconstrución Nacional.
4. Apoio, a través da CEOE e a UEPG, a que a Unión Europea desenvolva e manteña un programa masivo de estímulo económico.

... LIQUIDEZ

5. Realización urxente dun Plan de pago a provedores e dun Real Decreto Lei para o cumprimento da Lei 15/2010 de loita contra a morosidade.
6. Aseguramento do cobro das subministracións realizadas.

7. Establecemento dunha moratoria urxente do pago de impostos e cotizacións sociais e redución temporal de cargas impositivas.
8. Dotación dunha cobertura crediticia nas operacións comerciais.
9. Incremento das liñas de avais do ICO e medidas para facilitar o acceso aos CNAEs da industria de materiais de construción e da industria extractiva.

... LABORAL

10. Flexibilización dos ERTes e outras medidas de apoio aos empregos.

... ENERXÍA

11. Adopción de medidas permanentes para a flexibilización da contratación enerxética.
12. Axudas para consumidores industriais de electricidade e gas natural para a redución de custos.

... INDUSTRIA EXTRACTIVA

13. Aprobación dunha Estratexia Española das Industrias de Materias Primas Mine-rais Sostibles.
14. Accións específicas de apoio ás empre-sas da industria extractiva.

... CAMBIO CLIMÁTICO E PACTO VERDE

15. Flexibilización e adaptación temporal das estratexias e follas de ruta sobre cambio climático, transición xusta e Pacto Verde durante a crise derivada da Covid-19.



2. COM PETI TIVI DADE

...



Alumnos da UVigo, na canteira de Serrabal.

FORMACIÓN

Unha das funcións máis importantes da Asociación Galega de Áridos (Arigal) é a formación e capacitación dos profesionais do sector, debido á complexidade dos traballos que se desenvolven nas canteiras e graveiras.

Nos últimos anos realizouse un grande esforzo desde a asociación, que conta coa vantaxe de poder impulsar estas accións de modo global, para organizar actividades que incrementen os coñecementos dos profesionais do sector, con independencia de se son traballadores dunha gran multinacional ou unha peme.

FORMACIÓN SUPERIOR

Durante 2020 a directiva e o director de Arigal participaron en actividades formativas da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo, a maioría delas desenvolvidas en confinamento.

Ademais de formar parte do seu profesorado e de favorecer a realización de prácticas nas empresas asociadas, Arigal promoveu visitas de estudantes de Minas a explotacións dos seus asociados nos tres primeiros meses de 2020, como as levadas a cabo á canteira de Serrabal, de Ramsa e ás instalacións da enxeñaría mineira e de escavación Sandvik, no Porriño.

FORMACIÓN CONTINUA

Arigal realiza e promove accións de formación continua para os profesionais das empresas asociadas en materia de maquinaria, procesos e produtos.

Trátase dun compromiso adquirido como resposta ás demandas dos asociados. Algúns dos cursos desenvolvéronse en colaboración coas administracións públicas, empresas e outras organizacións profesionais e sectoriais.

En 2020 desenvolvéronse 17 accións de formación preventiva segundo ITC 02.0.02 (60 horas totais) con cargo a subvencións do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital para 250 profesionais das empresas asociadas. Estas accións leváronse a cabo de maneira presencial durante o verán, respectando os protocolos de seguridade e saúde laboral.



Arigal impartiu formación ITC 02.0.02 para 250 traballadores.



FORMACIÓN TÉCNICA

En Galicia non existe ningún centro de formación profesional no que se imparta formación regrada para os postos de traballo demandados polas industrias extractivas (pas e escavadoras, cribas, perforadoras e trituradoras, vehículos de transporte...). Por iso, as empresas mineiras e en especial as asociadas a Arigal atopan dificultades para a reposición de traballadores nos seus cadros de persoal.

Para tratar de mitigalo, Arigal mantén desde 2015 unha iniciativa, xunto á Cámara Oficial Mineira de Galicia e o Concello das Pontes, de demandar ante as administracións públicas galegas a creación de formación específica de Formación Profesional de Grao Medio de Técnico en Escavacións e Sondaxes, perfil operador de maquinaria de movemento de terras.

Entre 2018 e 2019 mantívose un intenso calendario de reunións coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como coa Consellería de Educación, encargada dos plans de estudos autonómicos. A Xunta indicou que a modalidade baixo a que se pode implantar este ciclo é a Formación Profesional Dual. Nela o currículo do módulo adáptase ás necesidades das empresas interesadas, polo que resulta de suma importancia coñecer a demanda real dos asociados.

Durante 2020, debido ás circunstancias da pandemia, non se realizaron avances significativos para a implantación do ciclo.

DEFENSA DO SECTOR FRONTE A CAMBIOS NO CATASTRO

Desde finais de 2017 a Xerencia Rexional do Catastro de Galicia vén aplicando a algunhas explotacións de áridos de Galicia unha circular de 2007 (03.40/07). Nela equiparáronse os valores catastrais dos terreos das canteiras e graveiras ao valor das construcións extensivas e agrarias. Isto implica que o valor catastral aumente de maneira moi significativa, co conseguinte incremento do Imposto de Bens Inmóbles.

Exposto o problema, a Xunta Directiva de Arigal deseñou unha estratexia encamiñada a defender os dereitos dos nosos asociados:

- En primeiro lugar, mantivéronse reunións coas administracións implicadas: Xerencia do Catastro en Galicia, Consellería de Industria da Xunta de Galicia e Ministerio de Industria e Facenda.
- En segundo lugar, organizouse unha xornada técnica en xuño de 2018 na que os especialistas invitados explicaron os argumentos e procedementos a empregar para reducir as novas valoracións do Catastro: medicións reais das superficies afectadas; e presen-

tación de alegacións ante o Catastro. Estas actuacións propiciaron unha importante retardación do número de actualizacións remitidas desde a Xerencia do Catastro, no ano 2019.

- En terceiro lugar, en xuño de 2018, a directiva e o equipo técnico de Arigal, de acordo cunha empresa asociada, decidiron emprender unha reclamación legal ante o Tribunal Económico Administrativo (TEA) sobre o valor catastral dunha parcela, de pouca superficie, para minimizar os custos procesuais.


Esta reclamación foi resolta favorablemente polo TEA en setembro de 2020 argumentando que a actualización catastral non ten motivación suficiente, co que se anula a tramitación, e polo tanto, a nova valoración dese terreo concreto.

O TEA deu por bos os argumentos legais de Arigal e achega argumentos de peso para a mellor defensa dos asociados que aínda teñan o procedemento de reclamación en marcha ou que puideran recibir actualizacións catastrais no futuro.

XORNADA DE RESPONSABILIDADE EMPRESARIAL

A habitual xornada de responsabilidade empresarial que Arigal realiza todos os anos cambiouse a un formato virtual e celebrouse o 21 de outubro. Foi a cargo de profesionais do Centro Tecnolóxico do Mármore, Pedra e Materiais de Murcia, unha entidade de referencia a nivel nacional en sílice cristalina respirable (SCR).

OS TEMAS TRATADOS FORON A NORMATIVA DA SCR, OS LÍMITES DE EXPOSICIÓN PROFESIONAL (LEP), PROTOCOLOS DE VIXILANCIA DA SAÚDE E ESTRATEXIAS DE MOSTRAXE (ITC VS UNE).



A Xornada de Responsabilidade Empresarial tivo lugar o 21 de outubro.



ARIGAL MANTÉN UN DECIDIDO COMPROMISO SOBRE A PREVENCIÓN DOS RISCOS RELACIONADOS COA EXPOSICIÓN DAS PERSOAS AO PO DE SÍLICE CRISTALINA, TANTO NAS EMPRESAS MINEIRAS COMO EN SECTORES TRANSFORMADORES COMO A CONSTRUCCIÓN, VIDRO, CERÁMICA E MARMORARÍAS

PREVENCIÓN DA SILICOSE

Un dos seus eixes de actividade céntrase na asistencia aos seus asociados en temas de saúde laboral e no traballo de seguimento normativo en organizacións nacionais e europeas.

O derradeiro Consello de Ministros de 2020 aprobou o Real Decreto 1154/2020, de 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 665/1997, de 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo, co Valor Límite de exposición profesional para o po respirable de sílice cristalina (SCR) reducido a 0,05 mg/m³.

Esta norma procede da Directiva (UE) 2017/2398 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2017, que marca que os traballos que supoñan

exposición a po respirable de sílice cristalina xerado nun proceso de traballo entran dentro do ámbito da Directiva de Axentes Carcinógenos e, polo tanto, modifícanse as obrigas das empresas que deben adaptarse ao novo escenario.

Mentres o valor límite da Directiva inclúe o valor de 0,1 mg/m³, a norma española redúcese á metade, pese a non contar con sustento técnico algún, como reclamaron nos últimos catro anos distintas asociacións, entre elas, Arigal.

O Real Decreto establece un período transitorio no que se mantén o valor de 0,1 mg/m³ ata o 31 de decembro de 2021.

Arigal realizou nos últimos anos distintas accións para a defensa dos intereses do sector:

- Como parte doutras organizacións sectoriais como a Cámara Oficial Mineira de Galicia, Cominroc e FdA, participou de iniciativas para tratar de defender o valor límite en 0,1 mg/m³. A pesar de non lograr que a versión final da norma o recollera, o equipo técnico mantivo decenas de reunións entre 2017 e 2020.
- Forma parte da Rede Europea da Sílice (NEPSI), que foi constituída por sindicatos europeos de traballadores e empresarios que asinaron o 'Acordo sobre a protección da saúde dos traballadores a través da boa manipulación e uso da sílice cristalina e os produtos que a conteñen'. A UEPG, da que forma parte Arigal a través da Federación de Áridos española, asinou este acordo o 25 de abril de 2006.

MANUAL DE ÁRIDOS PARA O SÉCULO XXI

EN 2020 REALIZOUSE UNHA REVISIÓN E MODERNIZACIÓN DO *MANUAL DE PROSPECCIÓN, EXPLOTACIÓN E APLICACIÓN DE ÁRIDOS* EDITADO EN 1993. ESTE LIBRO SUPUXO NO SEU MOMENTO A PEDRA FUNDACIONAL DO PROGRESO TÉCNICO DO SECTOR DOS ÁRIDOS.


Por iniciativa de ANEFA e de Carlos López Jimeno, Catedrático da Escola de Enxeñeiros de Minas e Enerxía da Politécnica de Madrid, foi realizada unha actualización completa para reflectir o significativo progreso tecnolóxico e, ao mesmo tempo, as circunstancias normativas e sociais que rodean o sector, que cambiaron radicalmente.

Como elementos transversais da nova publicación, destacan as tecnoloxías, as técnicas emerxentes e a dixitalización aplicadas, os aspectos ambientais, a responsabilidade social empresarial, a seguridade e saúde, a calidade de produción e de produto, a eficiencia enerxética e a optimización dos procesos produtivos.

Ao igual que a primeira edición de 1993, incluíuse a achega de máis de 40 autores, expertos e profesionais para que colaborasen neste libro que permite mellorar o sector e proporcionar contidos innovadores á formación dos profesionais presentes e futuros desta industria.

Carlos Martínez, director de Arigal, é un dos invitados que colaboraron coa redacción desta iniciativa. Concretamente elaborou os capítulos 34 (Economía circular nas explotacións de áridos. Xestión de residuos de construción e demolición), 36 (Medidas

de seguridade e saúde. Prevención de accidentes. Parte 1: Arranque, carga e transporte), 39 (Relacións coa contorna social), e foi colaborador nos capítulos 7 (Perforación de barrenos) e 27 (Restauración de explotación de áridos. Conceptos xerais e novas tendencias).



Arigal participou na redacción do Manual de Áridos para o século XXI.



ACHEGAS Á GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS DA PAISAXE

Nos últimos anos a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda incidiu en diversas actuacións para regular a paisaxe de Galicia, con afección indubidable á actividade de canteiras e graveiras de áridos. Arigal formou parte de comités e grupos de traballo do sector mineiro para tratar de velar polos intereses dos seus asociados e a súa actividade.

Tras unha Lei de Protección da paisaxe 2008, e un Catálogo da Paisaxe de Galicia de 2016; en 2021 entrou en vigor un Decreto de Directrices da Paisaxe. Antes, durante 2020, a Xunta de Galicia editou unha Guía de Boas Prácticas para a Integración Paisaxística de Actividades Extractivas.

Arigal participou na súa edición, xunto a outros axentes do sector como a Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Universidade de Vigo.

Achegouse documentación e víronse reflectidas nas súas páxinas diversas iniciativas de empresas asociadas, así como de Arigal.

O obxectivo principal desta guía é proporcionar os criterios e recomendacións que contribúan a mellorar a integración paisaxística das explotacións extractivas realizadas en Galicia, facilitando a consideración da paisaxe nos plans e proxectos de restauración de instalación mineiras e o deseño de proxectos de explotación.

PROPONSE COMO UN
INSTRUMENTO DIRIXIDO
PRINCIPALMENTE A
PROMOTORES, PROFESIONAIS E
PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN
VINCULADOS AO SECTOR
MINEIRO E PAISAXÍSTICO,
MAIS TAMÉN PODE RESULTAR
INTERESANTE, POLO SEU
CONTIDO, PARA A SOCIEDADE
E EN XERAL, PRINCIPAL
DEFENSORA DAS SÚAS
PAISAXES.



Presentación da Guía de Boas Prácticas para a Integración Paisaxística de Actividades Extractivas.

3. CRE CE MEN TO

...



IMPULSO AO PROXECTO DAP ÁRIDOS

A maioría dos produtos de construción dispoñen dunha Declaración Ambiental de Produto (DAP), un instrumento que comezará a ser imprescindible para optar a licitacións do sector público e como parte do mercado CE, en cumprimento do Regulamento de Produtos de Construción (Basic Work Requirement 7).

A DAP permite calcular e comunicar o perfil ambiental dos produtos, xa que se está a intensificar a demanda de información de usuarios, proxectistas e técnicos da administración, xa sexa mediante participación en esquemas comerciais de certificación de edificios como LEED ou BREEAM, ou pola necesidade de puntuar (procesos de Compra Pública Verde en Europa e en España).

Moitos outros materiais para construción civil (morteiros, formigóns e conglomerantes...) xa desenvolveron e publicado os seus DAPs nun momento no que a atención se focaliza nas políticas do cambio climático e economía circular.

Por iso, desde Arigal estase a impulsar o Proxecto DAP Áridos, lanzado desde a Federación de Áridos (FdA), consistente no cálculo dunha Declaración Ambiental de Produto – DAP sectorial para os áridos, que cubrirá os áridos naturais de canteiras e graveiras, os áridos reciclados procedentes de residuos de construción e de demolición, e os áridos artificiais procedentes doutros materiais.



Para iso Arigal promoveu accións de comunicación xunto á FdA como webinars específicos, circulares e vídeos.

Esta iniciativa facilitará e permitirá a comercialización dos áridos, xa que o escenario no que sexa imprescindible non está lonxe. Axuda ao recoñecemento polo mercado, a través de criterios de compra, certificación de edificios, responsabilidade social, etc., e permite situar aos áridos das empresas participantes ante outros produtos de construción e ante os seus clientes. O feito de non dispoñer dunha DAP pode supoñer unha desvantaxe fronte a outros materiais de construción que si a teñan.

Arigal está coordinando cos seus asociados, desde finais de 2020, o proceso que culminará a mediados de 2021 coa obtención da DAP por parte do 65% das canteiras e graveiras galegas.

4. INNO VA CIÓN

...



Implantación de Atrazex nunha canteira de Zaragoza.

ATRAZEX, SOFTWARE PROPIO DE XESTIÓN DE EXPLOSIVOS

O desenvolvemento do sistema de xestión Atrazex, que controla a trazabilidade dos explosivos, mantén a Arigal como unha referencia no sector en todo o territorio nacional. Este software propio para empresas que xestionan explosivos (de minería e obra pública, entre outros) lanzouse en 2014 e desde entón viuse estendido no mercado ibérico.

Consta de dúas aplicacións, unha web e outra de recolección de datos. A primeira delas encárgase de xestionar os datos en tempo real (24/7), permite realizar consultas de trazabilidade desde calquera dispositivo e navegador, xera a documentación a presentar, adaptada e personalizada, e configura as necesidades de cada explotación, usuario e idioma. Trátase dun-



Voadura xestionada por Atrazex en Gran Canaria.



ha aplicación unificada, pero con datos illados entre explotacións.

A aplicación de recolección de datos facilita a validación no campo dos pedidos e a confirmación manual ou automática dos mesmos con códigos QR, a nivel de cada produto ou de cada caixa. Esta segunda aplicación desenvólvese grazas a terminais optimizados para o seu uso en explotacións mineiras, pero tamén sobre dispositivos Android estándar.

Atrazex permite unha xestión simultánea de datos e pedidos a máxima velocidade. Esta unificación favorece a seguridade no proceso de trazabilidade de explosivos ao reducir o compoñente humano, prescindir de papelame e os envíos físi-

cos de documentación e ofrecer dispoñibilidade dos datos en tempo real.

A finais de 2020, Atrazex implantárase en 480 centros de consumo de explosivos, o que sitúa a Arigal como axente innovador clave para o sector e permite un retorno de investimento para a asociación que cobre unha pequena parte do orzamento de gastos ordinarios.

Desde o seu lanzamento en 2015, Atrazex permitiu a xestión de máis de 45 millóns de toneladas de substancias explosivas; 2,8 millóns de detonadores; 5,6 millóns de metros de cordóns e mechas; e permitiu aos seus usuarios a xestión de máis de 23.400 voaduras.

... SUPERVISIÓN DE IMPLANTACIÓNS

O equipo técnico de Arigal pode acompañar aos consumidores de explosivos no proceso de implantación do software a pé de voadura. En 2020 realizáronse estes labores de asesoría en empresas de rocha ornamental de Pontevedra, canteiras de Zaragoza e en obras públicas en Gran Canaria, entre outras.



VANTAGES DE ATRAZEX

- Solución propia para usuarios de explosivos (obras públicas e minería).
- Permite xestión de graneis, substancias non trazables, etc.
- Personalización da documentación xerada.
- Xestión de polvoreiras e consumos.
- Soporte técnico e asistencia en tempo real.
- Dispoñible en castelán, portugués, inglés, galego e catalán.

EXPLOSIVOS (miles de toneladas)

• • •





NÚMERO DE VOADURAS

• • •



ACCESO A ATRAZEX EN: [ATRAXEX.COM](https://www.atazex.com)



5. DIVULGACIÓN

E MEDIO AMBIENTE



ACTIVIDADES SUSPENDIDAS POLA COVID-19

O Día das Árbores, os Áridos e a Biodiversidade é unha iniciativa das empresas fabricantes de áridos de toda España para que os colexios das proximidades poidan realizar, como actividade complementaria, unha visita escolar a unha canteira ou a unha graveira. Nela, os nenos aprenden a coidar o medio ambiente, plantando árbores, coñecerán que máquinas se usan para extraer as rochas e producir os áridos e descubren a importancia que ten a area e a rocha triturada na súa vida cotiá. Esta actividade debeu ser suspendida na edición de 2020 e 2021, debido ás restricións derivadas do estado de alarma.

Así mesmo, Arigal participou ata 2019 doutras moitas iniciativas de divulgación social sobre a minería que se viron interrompidas. Entre elas, visitas a colexios do persoal da asociación, actos de presentación, conferencias abertas ao público...

Ademais, en 2018 fundou a plataforma Minaría Sostible de Galicia xunto a outros organismos do sector extractivo. É unha iniciativa da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) que gozou de grande actividade pública (eventos, xornadas e actividades de divulgación) ata o inicio da pandemia en marzo de 2020.

DESENVOLVEMENTO DO MEDIO RURAL

A extracción de áridos xoga un papel estratéxico para Galicia, presentando un gran potencial para contribuír positivamente ao concepto de economía circular e á conservación da natureza, a través da execución dos proxectos adecuados. A dispersión xeográfica das canteiras de áridos de Galicia permite o desenvolvemento e a dinamización do ámbito rural desde unha perspectiva que incorpora aspectos sociais e económico-productivos. Gran parte dos 800 empregos directos e case 2.800 indirectos que xeran os asociados de Arigal, teñen como base áreas rurais, como tamén radican nestas zonas as compras de subministracións e de servizos, o que supón un importante impacto económico.



... COMPATIBILIDADE CO MEDIO AMBIENTE

Desde Arigal, o noso compromiso co medio ambiente pasa pola minimización do impacto ambiental no desenvolvemento das actividades extractivas e a rehabilitación do espazo afectado unha vez rematadas estas. As explotacións mineiras deben cumprir a súa función social de abastecemento de materias primas á sociedade sen xerar impactos innecesarios.

A elaboración de proxectos mineiros que conxuguen racionalmente a necesidade do acceso aos recursos xeolóxicos coa consideración de todas as medidas técnicas necesarias para a conservación do

medio ambiente é a condición necesaria e imprescindible para asegurar a compatibilidade da actividade coa súa contorna. A colaboración activa entre as empresas do sector e os especialistas en materia de patrimonio natural ten necesariamente por obxectivo a adopción de estratexias de actuación para o aproveitamento sostible dos recursos minerais, permitindo reconstruír e crear hábitats, divulgar o patrimonio xeolóxico para favorecer a protección, restauración e conservación da biodiversidade, a comprensión e divulgación da historia do planeta mediante a posta en valor da xeodiversidade e potenciar, ao mesmo tempo, os obxectivos de conservación e desenvolvemento de especies prioritarias.

6. ASE SORA MEN TO

...

OS TÉCNICOS DE ARIGAL CÉNTRANSE NO SEU DÍA A DÍA NA ATENCIÓN DOS ASUNTOS ORDINARIOS DOS SEUS ASOCIADOS, DANDO CONSULTORÍA INTEGRAL A DEMANDA DAS NECESIDADES NAS SEGUINTE ÁREAS:

... INFORMACIÓN E VIXILANCIA

O labor que desenvolve Arigal no apartado de información beneficia aos asociados nunha dobre liña. Por un lado, na transmisión continua de información ás empresas sobre temas que poidan resultarlles de interese a través da elaboración de informes periódicos. Por outro, a información aos asociados sobre cuestións de interese publicadas nos boletíns oficiais rexionais, nacionais e europeos. Arigal tamén se encarga de xestionar partidas e subvencións de organismos públicos para financiar proxectos de interese común para os asociados.

... TARIFICACIÓN E EFICIENCIA ELÉCTRICA

Arigal presta asesoramento sobre xestión de potencias, axustes de tarifas e ferramentas que permiten unha eficiencia dos custos de consumos eléctricos. Realízanse habitualmente recomendacións sobre eficiencia eléctrica a asociados que permitiron importantes aforros a un bo número de explotacións.



••• ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

A modernización dos trámites administrativos e o acceso de todos os socios ás plataformas online é un dos obxectivos de Arigal no seu traballo diario. Durante 2020 o equipo técnico asesorou e ofreceu formación aos seus asociados nos seus trámites na Sede Electrónica do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, entre outras administracións. Así mesmo, a asociación segue a traballar coa Xunta de Galicia na adecuación dos sistemas que permitan que os plans de labores das explotacións se xestionen de maneira electrónica.

••• SUPERVISIÓN DOS SERVICIOS DE PREVENCIÓN ALLEOS

Os asociados que o desexan reciben por parte de Arigal unha vixilancia dos contratos de servizos de prevención, así como da calidade das empresas prestameiras. Así mesmo, asesórase en materia de responsabilidade civil e penal dos empresarios.

••• XESTIÓN HIDROLÓXICA

Ante os cambios no canon do auga de 2015, Arigal realizou a defensa do asociado fronte a cambios dos conceptos de imposición. A asociación informou aos seus asociados de que, como suxeitos pasivos do canon da auga, a modalidade de carga contaminante é a ideal para case todas as explotacións e acompañou a algúns deles no trámite. Arigal conseguiu un diálogo efectivo e fluído con Augas de Galicia, proporcionando solucións satisfactorias para os seus asociados.

••• XESTIÓNS ANTE A ADMINISTRACIÓN

O marco regulador e a complexidade lexislativa crean problemas aos asociados, que encontran inconvenientes en asuntos como tramitación de pedidos de explosivos, permisos e licenzas. Arigal, que achega aos seus asociados o coñecemento na xestión baseada na experiencia colectiva do sector, realizou durante 2020 un gran labor de intermediación relacionado coa Covid-19.



INFORMACIÓN **ECONÓMICA**

...





INFORMACIÓN ECONÓMICA

...

A Asemblea Xeral de Arigal acordou, por unanimidade de todos os seus membros, a aprobación do orzamento de gastos e ingresos para o exercicio 2020, establecido sen ter en conta os ingresos extraordinarios da entidade, xa que a máxima orzamentaria da organización é que os ingresos ordinarios cubran os gastos ordinarios. O único caso no que a Asemblea Xeral permite a existencia de gastos extraordinarios é cando se xeran ingresos extraordinarios suficientes para sufragalos.

Durante o ano 2020, ademais dos ingresos ordinarios estimados no orzamento, Arigal obtivo de forma extraordinaria un total de 22.941 €, provenientes do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, para o Plan de Seguridade Mineira 2020; da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para prevención de riscos; e do IGAPE, en concepto de cheque dixital.

O esforzo de compras conxuntas de EPIs para os asociados supuxo un gasto de 99.091 euros no 2020, que se viu apoiado por un ingreso de 97.357 euros.

Nun ano de tremendas tensións para Arigal e para os seus socios, tendo en conta as partidas de ingresos e gastos ordinarios e extraordinarios, a asociación pecha o exercicio económico de 2020 cun resultado positivo de 236,66 €.

Aínda que pola configuración e o tamaño da organización, Arigal non estea obrigada a facelo, o orzamento que se executa cada ano é supervisado por Auditgal, unha empresa de auditoría externa.

ORZAMENTO 2021

...

INGRESOS ORDINARIOS

Concepto	Orzamento
PRESTACIÓN DE SERVICIOS A ASOCIADOS	93.574,00 €
PRESTACION DE SERVICIOS ADHERIDOS	20.812,24 €
INGRESOS CONVENIOS ATRAZEX	23.931,50 €
INGRESOS MANTEMENTO ATRAZEX	10.890,00 €
TOTAL	149.207,74 €



GASTOS ORDINARIOS

Concepto	Orzamento
ÓRGANOS DE GOBERNO	10.675,72 €
ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA	80.523,92 €
GASTOS DE OFICINA	5.059,86 €
SERVIZOS	26.845,89 €
COTAS A ASOCIACIONES E ORGANISMOS	11.692,35 €
FONDO DE CONTINXENCIA	8.000,00 €
TRIBUTOS E IMPOSTOS	6.410,00 €
TOTAL	149.207,74 €

RESULTADO FINAL ORDINARIOS

Concepto	Orzamento
TOTAL INGRESOS ORDINARIOS	149.207,74
TOTAL GASTOS ORDINARIOS	149.207,74
TOTAL	0 €

ORZAMENTO 2020

...



INGRESOS ORDINARIOS

Concepto	Orzamento 2020 APROBADO	Orzamento 2020 Executado
PRESTACIÓN DE SERVICIOS A ASOCIADOS	91.702,52 €	93.574,00 €
PRESTACIÓN DE SERVICIOS ADHERIDOS	24.459,28 €	21.724,00 €
PRESTACIÓN DE SERVICIOS ADHERIDOS TEMPORAIS	0,00 €	0,00 €
INGRESOS POR COLABORACIÓN	0,00 €	0,00 €
INGRESOS IMPLANTACIÓN ATRAZEX	0,00 €	6.962,00 €
INGRESOS CONVENIOS ATRAZEX	17.938,25 €	16.395,50 €
INGRESOS MANTENIMENTO ATRAZEX	14.566,25 €	13.974,90 €
Outros Ingresos	0,00 €	3.993,00 €
INGRESOS FINANCEIROS	0,00 €	1.456,71 €
TOTAL	148.666,30 €	€ 158.080,11 €

GASTOS ORDINARIOS

Concepto	Orzamento 2020 APROBADO	Orzamento 2020 Executado
ÓRGANOS DE GOBERNO	10.655,72 €	2.542,95 €
ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA	77.217,19 €	82.481,41 €
GASTOS DE OFICINA	5.194,51 €	8.645,02 €
SERVIZOS	26.606,61 €	39.289,89 €
COTAS A ASOCIACIÓNS E ORGANISMOS	14.982,27 €	11.666,50 €
FONDO DE CONTINXENCIA	8.000,00 €	8.000,00 €
TRIBUTOS E IMPOSTOS	6.010,00 €	4.535,43 €
RESULTADOS NEGATIVOS DE EJERCICIOS ANTERIORES	0,00 €	0,00 €

RESULTADO FINAL ORDINARIOS

Concepto	Orzamento 2020 APROBADO	Orzamento 2020 Executado
TOTAL INGRESOS ORDINARIOS	148.666,30 €	158.080,11 €
TOTAL GASTOS ORDINARIOS	148.666,30 €	157.161,20 €
TOTAL	0,00 €	918,91 €



INGRESOS EXTRAORDINARIOS

Concepto	Orzamento 2020 APROBADO	Orzamento 2020 Executado
PLAN DE SEGURIDADE MINEIRA 2020	0,00 €	13.647,87 €
PRL CEEI	0,00 €	1.500,00 €
IGAPE ORG. INTERMEDIOS	0,00 €	0,00 €
COMPRAS CONXUNTAS EPIS	0,00 €	97.357,79 €
IGAPE CHEQUE DIXITALIZACIÓN	0,00 €	7.792,40 €
TOTAL INGRESOS EXTRAORDINARIOS	0,00 €	120.298,06 €

GASTOS EXTRAORDINARIOS

Concepto	Orzamento 2020 APROBADO	Orzamento 2020 Executado
PLAN DE SEGURIDADE MINEIRA 2020	0,00 €	11.633,37 €
PRL CEEI, XORNADA RSS	0,00 €	0,00 €
IGAPE ORG.INTERMEDIOS	0,00 €	444,42 €
COMPRAS CONXUNTAS EPIS	0,00 €	99.091,35 €
IGAPE CHEQUE DIXITALIZACION	0,00 €	9.811,17 €
TOTAL GASTOS EXTRAORDINARIOS	0,00 €	120.980,31 €

RESULTADO FINAL EXTRAORDINARIOS

Concepto	Orzamento 2020 APROBADO	Orzamento 2020 Executado
TOTAL INGRESOS	0,00 €	120.298,06 €
TOTAL GASTOS	0,00 €	120.980,31 €
TOTAL	0,00 €	682,25 €

RESULTADO FINAL EXTRAORDINARIOS

TOTAL INGRESOS	148.666,30 €	278.378,17 €
TOTAL GASTOS	148.666,30 €	278.141,51 €
TOTAL	0,00 €	236,66 €





O equipo técnico de Arigal está formado por Ana Belén Fuentes López, en administración e Carlos Martínez Torres, director.



Rúa Agro da Vella, nº 3 - 1ºC
15895 Milladoiro - Ames- A Coruña
981 53 56 02
arigal@arigal.gal

WWW.ARIGAL.GAL





www.arigal.gal



Rúa Agro da Vella,
nº 3 - 1ºC
15895 Milladoiro
Ames (A Coruña)
981 53 56 02
arigal@arigal.gal

 **ARIGAL**
ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS